

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDESA/ALCALDE – MANDATO  
2023-2027 (<http://sede.vilagarcia.gal>)  
CELEBRADA O DÍA 17/06/2023**

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES :

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN  
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO  
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO  
D. JESUS REY RODRIGUEZ  
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO  
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ  
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN  
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO  
D. JULIO VARELA CARDALDA

D. ALBERTO VARELA PAZ  
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. CARLOS COIRA LOJO  
DONA SONIA OUTON CASAL  
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO  
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ  
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA  
DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA  
DONA MARIA BERMÚDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as doce horas da mañá do día dezasete de xuño de dous mil vintetres, concorreron, con citación previa, de conformidade cos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, en diante LOREX, e o artigo 37.1, do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, , en diante ROF, as/os Concelleiras/os electas/os nas últimas eleccións locais celebradas o 26 de maio de 2023, (convocadas polo Real Decreto 207/2023, de 3 de abril) (BOE 4 de abril de 2023) expresados á marxe, que constitúen a totalidade das/os Concelleiras/os electas/es, co obxecto de celebrar sesión pública de constitución da nova Corporación, con arreglo á seguinte Orde do Día:

1.- Constitución da mesa de idade, comprobación de credenciais e declaracións de bens e intereses, así como da acta de proclamación de concelleiras e concelleiros electos remitida pola Xunta Electoral de Zona de Cambados.

2.- Toma de coñecemento da acta de arqueo extraordinario e relación de bens municipais (Inventario).

3.- Toma de posesión das concelleiras e concelleiros electos e constitución da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa.

4.- Elección de Alcaldesa ou Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa e posterior toma de posesión do cargo.

**1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE, COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E DECLARACIÓN DE BENS E INTERESES, ASÍ COMO DA ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CONCELLEIRAS E CONCELLEIROS ELECTOS REMITIDA POLA XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CAMBADOS.**

Declarada aberta a sesión, pola Sra. Secretaria dáse comezo ao acto de constitución do Concello para o mandato 2023-2027 tras o proceso electoral de 28 de maio de 2023 de



Eleccións Locais, a continuación procédese a chamar á Concelleira e Concelleiro electos de maior e de menor idade dos presentes, co obxecto de forma-la Mesa de Idade, da que será Secretaria a da Corporación, segundo establece o artigo 195-2, da LOREX, e o artigo 37-2 do ROF, correspondendo a designación a Dona Luz María Abalo Pérez e a D. Raul Santamaría González, presentes neste acto, segundo resulta da acreditación da súa personalidade e data do seu nacemento, que pasan a ocupar o lugar destinado ó efecto, quedando constituída a MESA DE IDADE por:

MESA DE IDADE

DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ Concelleira asistente de maior idade.

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ Concelleiro de menor idade.

Secretaria:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ, Secretaria da Corporación.

Seguidamente a Secretaria, dá lectura ás disposicións aplicables á constitución dos novos Concellos, entre elas a contida no artigo 195 da LOREX., cuxo texto se transcribe:

<< 1.- As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, agás que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, constituíndose nese caso o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2.- A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretaria a que o é da Corporación.

3.- A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos/as electos/as con base ás certificacións que a Xunta Electoral de Zona lle remitira ó Concello.

4.- Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a corporación se concorren a maioría absoluta dos/as concelleiros/as electos/as. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a corporación calquera que fose o número de concelleiros presentes.>>

Acto seguido deuse lectura pola Secretaria dos nomes e apelidos das/os Sras/es Concelleiras/os electas/os, comprobada pola Secretaria a acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Cambados, asistindo a esta sesión as/os seguintes concelleiras/os electas/os:

CONCELLEIRA/O	PRESENTADA
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN	
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO	
D. JESUS REY RODRIGUEZ	
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	
D. JULIO VARELA CARDALDA	
D. ALBERTO VARELA PAZ	
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN	
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	
DONA PAOLA MARIA MOCHALES	



D. CARLOS COIRA LOJO	
DONA SONIA OUTON CASAL	
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ	
D. ALVARO CAROU GARCÍA	
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ	
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	

Pola Secretaria dáse conta de que as/os candidatas/os electas/os en cumprimento do disposto no número 7 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, presentaron declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais. Ademais non teñen débedas coa Administración Municipal.

## 2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIO E RELACIÓN DE BENS MUNICIPAIS (INVENTARIO).

A Secretaria dá conta da incorporación ó expediente da acta de arqueo extraordinaria ó peche das operacións do día 16 de xuño de 2023, que se transcribe.

ARQUEO EXTRAORDINARIO A 16 DE XUÑO DE 2023.

RESUMO	EXISTENCIAS CONCELLO	EXISTENCIAS FUNDACIÓN	TOTAL CONSOLIDADO
Saldos Bancarios	11.762.584,87	166.250,39	11.928.835,26
Saldo Caixa efectivo	8.522,56	100,00	8.622,56
Saldos Valores (avales)	4.453.141,63		
TOTAL	16.224.249,06	166.350,39	16.390.599,45

Así mesmo, a Secretaria da conta da incorporación ó expediente do inventario de bens, segundo valoración realizada pola Empresa Asesora Asistencia Pericial SL e Compañía Aseguradora dos Bens Municipais.

### I.- INVENTARIO DE BENS: RELACIÓN DOS BENS, DEREITOS E CAPITAIS

Nº no inventario	ENUMERACIÓN DOS BENS	VALORACIÓN
1	inmables	67.503.299,36
2	Bens adquiridos nos últimos exercicios	3.783.527,22
3	Vehículos (antigüidade media superior a 5 anos)	170.000,00
4	Mobles (contido inmables)	10.046.718,23
	TOTAL EUROS	81.503.544,81

### II.- PASIVO FINANCIERO: RELACIÓN DE PRÉSTAMOS E GRAVAMES

Nº	ENUMERACIÓN DAS CARGAS	IMPORTE
	Préstamos a longo prazo (16/06/2023)	6.897.671,36
	TOTAL:	6.897.671,36



### III. RESUMO

INVENTARIO DE BENS.....	81.503.544,81 euros
PASIVO FINANCIRO.....	6.897.671,36 euros

### 3.- TOMA DE POSESIÓN DAS CONCELLEIRAS E CONCELLEIROS ELECTOS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, as/os Sras./es Concelleiras/os deben tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleira/o, as/os candidatas/os electas/os deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, procedéndose a chamar ás/os Sras/es. Concelleiras/os para que realicen a devandita promesa ou xuramento.

Farán o xuramento ou promesa utilizando a fórmula recollida no RD 707/79, de 5 de abril, ou en base ao disposto no acordo da Xunta Electoral Central de 10 de xuño de 2019, que consiste en que cada concelleiro/a pronuncie a fórmula ante un exemplar da Constitución.

#### OPCIÓN A:

Os/as concelleiros/as, empregan a fórmula de, “xuro ou prometo/por imperativo legal, pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRA/O de Vilagarcía de Arousa con lealdade ó Rei, gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado”. (RD 707/79, de 5 de abril).

#### OPCIÓN B:

Os/as concelleiros/as, empregan a fórmula de xuro ou prometo/por imperativo legal, acatar a Constitución Española (acordo XEC de 10 de xuño de 2019)

Posteriormente os membros da mesa de idade nomean a cada un/ha das/os concelleiras/concelleiros electas/os, que se irán, achegando ata o centro do Salón de Plenos para ler a fórmula persoalmente ante un exemplar da Constitución, tras o cal os membros da mesa lle irán impoñendo a medalla da Corporación e un pin corporativo.

CONCELLEIRO/A	XURO	PROMETO	RD 707/79	XEC 10-06-19	Por imperativo legal
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN	X		X		
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	X		X		
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO	X		X		
D. JESUS REY RODRIGUEZ	X		X		
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	X		X		
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ		X	X		
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	X		X		
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	X				
D. JULIO VARELA CARDALDA	X		X		
D. ALBERTO VARELA PAZ		X	X		
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN		X	X		
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO		X	X		
DONA PAOLA MARIA MOCHALES		X	X		
D. CARLOS COIRA LOJO		X	X		
DONA SONIA OUTON CASAL		X	X		
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO		X	X		
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ		X	X		
D. ALVARO CAROU GARCÍA		X		X	
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ		X		X	X
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ		X		X	X
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO		X		X	X



Por DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ e D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ, membros da Mesa de Idade, impoñen a medalla da corporación e un pin corporativo a cada un/ha das/os concelleiras/os electas/os

#### CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Realizadas as operacións anteriores, a Mesa declara constituída a Corporación, ó concorrer a totalidade das/os Concelleiras/as electas/os, seguintes:

CONCELLEIRAS/OS QUE INTEGRAN A CORPORACIÓN	NOME	LISTA ELECTORAL
APELIDOS		
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN		PP
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO		PP
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO		PP
D. JESUS REY RODRIGUEZ		PP
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO		PP
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ		PP
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN		PP
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO		PP
D. JULIO VARELA CARDALDA		PP
D. ALBERTO VARELA PAZ		PSdeG-PSOE
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN		PSdeG-PSOE
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO		PSdeG-PSOE
DONA PAOLA MARIA MOCHALES		PSdeG-PSOE
D. CARLOS COIRA LOJO		PSdeG-PSOE
DONA SONIA OUTON CASAL		PSdeG-PSOE
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO		PSdeG-PSOE
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ		PSdeG-PSOE
D. ALVARO CAROU GARCÍA		PSdeG-PSOE
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ		BNG
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ		BNG
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO		ESQUERDA UNIDA

#### 4.- ELECCIÓN DE ALCALDESA/ALCALDE DE VILAGARCÍA DE AROUSA E POSTERIOR TOMA DE POSESIÓN DO CARGO.

Despois da constitución da Corporación dáse lectura ó artigo 196 da LOREX, que establece o procedemento para a elección de Alcaldesa/Alcalde, indicando que o sistema de votación vai ser o de votación secreta mediante urna.

<<Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcaldesa ou Alcalde, de acordo co seguinte procedemento.

A) Poden ser candidatas/os tódalas/os Concelleiras/os que encabecen as súas correspondentes listas.

B) Se algún deles/as obtén a maioría absoluta dos votos das/os Concelleiras/os é



proclamada/o electa/o.

C) Se ningún deles/as obtén esta maioría é proclamada/o Alcaldesa ou Alcalde a Concelleira ou Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.>>

O resultado das eleccións locais en Vilagarcía de Arousa foi o seguinte:

- Número de electores: 30.606
- Número de votantes: 17.890
- Número de votos a candidaturas: 17.349
- Número de votos válidos: 17.576
- Número de votos nulos: 314
- Número de votos en branco: 227

Candidaturas	Nº de votos obtidos	Nº de electos
PARTIDO POPULAR	6.378	9
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE	6.340	9
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	2.097	2
PODEMOS-MAREA DA VILA-ALIANZA VERDE	852	
ESQUERDA UNIDA	1.092	1
VOX	590	

Pódense presentar como candidatas/os para Alcaldesa ou Alcalde as/os Concelleiras/os que encabezan as listas que obtiveron representación, que son os seguintes:

CANDIDATOS	LISTA ELECTORAL	Votos de obtidos
DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLAN	PP	6.378
D. ALBERTO VARELA PAZ	PSdeG-PSOE	6.340
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	BNG	2.097
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	ESQUERDA UNIDA	1.092

Unha vez formulada a vontade de presentarse como candidatos Dona Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán, D. Alberto Varela Paz e D. Juan Manuel Fajardo Recouso explícaselles ás/os concelleiras/os que nas papeletas, que están en branco, deberán escribir o nome da/o candidata/o ou deixalas en branco, que se entendería como abstención.

Efectuada a votación polas/os Concelleiras/os mediante papeletas secretas, e realizando o escrutinio, producíronse os seguintes resultados:

CANDIDATAS/OS	VOTOS OBTIDOS	
	EN LETRA	EN NÚMEROS
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN	nove	9
D. ALBERTO VARELA PAZ	once	11
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	un	1

Así mesmo dáse conta de 0 abstencións ou votos en branco.



Obtendo a candidatura presentada por D. ALBERTO VARELA PAZ. en representación do PSdeG-PSOE, once votos, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, queda proclamado Alcalde do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa para o mandato 2023-2027, D ALBERTO VARELA PAZ.

## TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE

Acto seguido e de conformidade cos artigos 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 40, número 2, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións locais, D. ALBERTO VARELA PAZ, no Centro do Salón de Plenos, ante un exemplar da Constitución le personalmente a seguinte formula:

"Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE do Concello de Vilagarcía de Arousa con lealdade ó Rei, gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado"

A continuación entrégaselle polos Membros da Mesa ó Sr. Alcalde, o bastón de mando e a medalla da Alcaldía e un pin corporativo, atributos propios do cargo.

A continuación o Sr. Alcalde dirixese ás/ós Concelleiras/os e ao público asistente no Salón de Plenos, do seguinte xeito:

Veciñas e veciños de Vilagarcía, alcaldesa e alcaldes, compañeiros de corporación, representantes institucionais e sociais...

Grazas pola vosa presenza e benvidos de novo a esta casa, que é a vosa, a de todos.

Nun capítulo anterior, ou sexa, hai catro anos, neste mesmo lugar e acto, dixen que temos moitas razóns para sentirnos orgullosos do feito ata agora e de ser como somos. Dixen tamén que temos outros tantos motivos para non perder de vista que aínda queda moito por facer. E para iso –subliñaba- todos somos necesarios.

Pois ben: Hoxe, cando teño a enorme satisfacción, pero tamén a inxente responsabilidade, de asumir de novo a Alcaldía, quero reiterar ese pensamento. Por iso, permitídmeme que comece agradecendo o apoio de todos os veciños e veciñas que renovaron a súa confianza en min e neste equipo.

Por suposto, tamén, a nosa gratitude a todos os que elixiron outras opcións, ben porque lles gustou máis o seu proxecto, ben –e algún caso habería- porque nos quixeron mandar unha mensaxe... mensaxe recibida e dende logo asumida.

E como non pode ser doutra maneira, grazas ao grupo municipal do BNG, pola súa responsabilidade e xenerosidade para facilitar que, como no resto de Galicia, e en xusta reciprocidade co PSdG, aquí poida constituírse un goberno de progreso.

Tampouco quero esquecerme dos compañeiros e compañeiras que, dende 2019 e ata agora, formaron parte desta corporación... Un tempo que non foi certamente doado: só tivemos que lidar cunha pandemia universal, cunha guerra ás portas da nosa casa –Europa- e cunha crise económica e enerxética... Polo demais, todo ben: o río do Con segue no seu sitio.

Esta é a casa das ideas, dos debates, da controversia chegado o caso. Da paixón na defensa do que un pensa pode transcender unha imaxe ás veces terxiversada do que aquí sucede. Pero podo aseguravros que por riba das discrepancias políticas están as relacións humanas, porque, ao fin e o cabo, todos os que aquí estamos -ou por aquí pasamos- temos un obxectivo común: facer de Vilagarcía o mellor lugar para vivir. Din, ademais, que o roce fai o cariño, e non cabe dúbida de que catro anos de convivencia dan para moito.

Así que, por todas esas razóns: grazas María de la O; grazas Xosé; grazas Inma e Yolanda; e



grazas Matty, José María, Alba e Miro pola vosa dedicación nestes últimos catro anos. E a Rosa, Xabier, Julio, Marta, Jesús, Elena e Andrés, a nosa máis cordial benvida. No caso de Rosa e de Elena, re-benvida, ademais.

Se mo permitides –e creo que non teredes máis remedio- vou poñer un exemplo que demostra canto veño dicindo:

Hai 90 anos, un alcalde de esquerdas e republicano, Elpidio Villaverde, publicou un artigo con motivo das festas de San Roque. E nel dicía:

“En este régimen de democracias, ni pueden cantarse los aciertos ni condolerse de los errores: tan solo debe predominar la idea de conseguir un anhelado fin, el bienestar y el progreso del pueblo, y a ello he encaminado todos mis entusiasmos.

“Villagarcía, la Perla de Arosa, el rincón que causa admiración a los extraños, la ciudad tan difícil de cantar sin alejarse de la realidad, no sabría perdonar el más ligero abandono, y los que nos consideramos sus buenos hijos, le ofrendamos nuestra voluntad, trabajo, sacrificio y cuanto la naturaleza nos haya podido otorgar, para conseguir su máxima prosperidad”.

Se repasamos os artigos publicados en anos posteriores por distintos alcaldes, ou mesmo se nos fixamos nos seus discursos de investidura, poderemos observar que, foran de esquerdas ou de dereitas, hai un nexa que os une: a paixón pola súa cidade, o orgullo de pertenza a esta Perla de Arousa. E fixémonos que se trataba de persoas moi distintas e moi distantes ideoloxicamente.

Pero se quixen referirme a isto é porque ese nexa resume, ao meu parecer, a esencia do acto que hoxe estamos a celebrar. Os catro grupos, os 21 concelleiros que aquí estamos, representamos á Vilagarcía real, diversa e plural. O día 28 de maio, a cidadanía decidiu pluralidade, o que significa tamén un plus de responsabilidade por parte de todos. Na nosa man está que, co noso traballo, os vilagarcíans se sintan ademais orgullosos de todo o que sucesivas xeracións levamos feito, e ilusionados con todo o que nos queda por facer. O porvir sempre será mellor.

No vindeiro mes de setembro, dentro de nada, imos celebrar o cento cincuenta aniversario do primeiro ferrocarril de Galicia. Cando aquel fito sucedeu, en 1873 -no que Carril e Vilagarcía foron protagonistas principais-, o noso concello era o número 36 no ranking dos 66 municipios da provincia.

O ano que vén, haberá outra efeméride: o centenario da constitución da Comisión Administrativa do Porto, un fito na relación porto-cidade. Os protagonistas daquel feito transcendental –orixe da actual Autoridade Portuaria- foron Elpidio Villaverde, ao fronte da Cámara de Comercio, e Rodríguez Lafuente, na Alcaldía, dous personaxes tan distintos e tan distantes... pero cando aquilo sucedeu, en 1924, Vilagarcía xa pasara de ser o concello 36 a ser o número 6.

Hoxe, e dende os anos 80, xa somos o número 3 da provincia e a oitava cidade de Galicia. Esa progresión, que non ten comparanza en toda a comunidade, só se pode explicar –razóns externas e xeográficas aparte- pola labor dos propios vilagarcíans, que sempre creron en si mesmos, orgullosos da súa cidade.

Conviría, por tanto, non perder isto de vista: está ben ser crítico coas cousas que suceden ao redor, pero non nos esquezamos de que estamos onde estamos grazas ao esforzo de varias xeracións. E lembremos o que di a vella sabedoría popular: “ti fala así do cabalo, a ver a quen llo vendes”...

Sexamos, pois, prudentes: para defender unha idea non fai falla descualificar a ninguén e menos á propia cidade, o cabalo no que cabalgamos cara á prosperidade.

Como Villaverde e todos os alcaldes que lle precederon ou lle sucederon, nós tamén somos fillos no noso tempo. Por iso a visión da cidade, o modelo a seguir, é cambiante. E xa sabemos que todo cambio implica, en principio, unha resistencia, para logo, co paso do tempo, asumir que a decisión era a correcta. Así pasou coas peonalizacións. E así pasará, sen dúbida, coa mobilidade,





por citar só un caso.

O que está claro é que o tempo pasa e as necesidades e as perspectivas mudan. Para unhas corporacións, as prioridades foron as cuestións sociais; para outras, as obras públicas. Todo hai que enténdelo no seu contexto. E o noso contexto, o contexto actual, son as directivas europeas e os Obxectivos 20-30 da ONU, co que iso significa para o coidado do planeta, que poderá gustarnos máis o menos, pero é o único que temos.

Afortunadamente, hoxe os nosos problemas non son conseguir o abastecemento de auga ou garantir o acceso universal a educación ou á sanidade, como así sucedeu durante décadas, corporación tras corporación.

Hoxe, por fortuna, as nosas prioridades pasan por manter, poñer en valor e acrecentar o que con tanto esforzo lograron os nosos pais e avós:

- A posibilidade de acceder a calquera grao educativo, dende a escola infantil ata os cursos universitarios para adultos sen saír de Vilagarcía...
- A extensión dos servizos sociais para que ninguén se quede atrás...
- A multiplicación das becas de estudo para garantir a igualdade de oportunidades...
- O fomento das mellores condicións laborais e empresariais para que a nosa mocidade poida seguir ligada á cidade na súa vida profesional...
- A construción do centro de saúde que Vilagarcía e os vilagarcíans nos merecemos...
- A recuperación de rúas e prazas para os peóns, respectando os dereitos dos residentes e de comerciantes e hostaleiros, pero sen perder de vista que é insostible que o 75% do espazo público estea ocupado polos vehículos de motor...
- O respecto ao patrimonio histórico e natural...
- A apertura da fachada marítima, dando novos usos ao peirao do ramal, reconciliando Vilagarcía co mar ao que tanto debe...
- A renovación das instalacións deportivas, comezando pola ampliación da piscina e a reforma integral do pavillón de Fontecarmoa...
- A nova biblioteca, o centro de maiores na Casa de Jaureguizar...
- A mellora das comunicacións e os espazos de convivencia nas parroquias, lugares e aldeas, etcétera, etcétera.

O que está por vir é, dende logo, moi ilusionante. Por iso animovos a todos –e cando digo todos, digo todos os grupos de corporación pero tamén o resto das institucións e colectivos da cidade– a camiñar xuntos para construír a Vilagarcía que queremos. Dende a discrepancia e a pluralidade de ideas, pero cun obxectivo común.

E, neste sentido, quero lembrar algo obvio pero substancial: os veciños e veciñas de Vilagarcía somos arousáns, pontevedreses, galegos, españois e europeos. Por iso, confiamos en que as distintas administracións, sexan da cor que sexan, teñan en conta os nosos méritos por riba doutras consideracións. Esa é maneira de construír Europa, España, Galicia, Pontevedra e Arousa.

Non esquezamos que, como nos deixou escrito don Elpidio, neste réxime de democracias, nin podemos cantar os acertos nin compadecernos dos erros: tan só debe predominar a idea de conseguir un anhelado fin, o benestar e o progreso do noso pobo.

Sintámonos orgullosos do lugar onde temos a fortuna de vivir.

Ánimo e moitas grazas!

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:05, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.

